



### 1. EMPRAZAMENTO




#### DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Camariñas. Municipio: Muxía. Parroquias: Santa María de Muxía na punta setentrional, e San Xulián de Moraiame ao sur. Extensión: 3,27km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade estruturada pola presenza de dúas aliñacións de relevo granítico de disposición norte a sur, e paralelas entre si. No medio desenvólvese unha irregular chaira costeira que é sucada polo arroio de Figueiras e que ten o seu inicio na praia da Cruz. A aliñación montañosa do oeste destaca polo seu prolongamento, entrando no mar a través do Monte do Corpiño e ata a Punta da Barca. Entre este monte e o resto do sistema montañoso situado ao sur, apréciase unha área de pendentes moito máis suaves, que a xeito de istmo une esta lingua de terra co continente. Nela asentouse a localidade de Muxía, desenvolvéndose un pequeno complexo areoso sedimentario.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Muxía conséntrese dentro da unidade litolóxica do granito hercínico de dúas micas, de gran fino a medio e con megacristais. Só o extremo noreste participa dun granitoide migmático tamén hercínico. O Cuaternario holoceno está representado por sedimentos areosos e de dunas nos sectores do Praia da Cruz e Enseada de Lourido. O Plistoceno tamén aparece nos depósitos antigos de orixe fría que se poden observar na fronte costeira.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual maior de 15°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. Precipitacións acumuladas durante o ano que poden chegar a 1400mm acadando valores mínimos de 1200mm. Por iso a costa de Muxía pode ser incluída dentro do dominio climático Cálido e Húmido.

#### OS SOLOS

Dominio dos solos pouco evolucionados sobre materiais graníticos. No extremo occidental desenvólvense leptosóis líticos nos que con frecuencia aflora o substrato en superficie, mentres que na vertente oposta (Monte de Chorente) destacan os umbrisois dísticos. O val principal do Rego de Figueiras está formado por solos máis profundos do tipo cambisol tamén dístico e a área sedimentaria da praia da Cruz caracterízase polos arenosois álbicos e háplicos. Por último os antrosóis circunscríbense ao contorno do núcleo de Muxía.


#### AS AUGAS

A orientación setentrional do relevo nesta unidade fai que a rede de drenaxe se encontre xerarquizada a favor do arroio de Figueiras, que conta cun afluente destacado na súa marxe esquerda. O Cabo Xaviña marca a transición entre dúas masas de Augas Costeiras: ao este a da Ría de Camariñas (20136), e ao oeste a que vai do Cabo Xaviña a Touriñán (20140).

#### O PATRIMONIO NATURAL

IBA Costa da Morte. O sector Espiñeirido-da Cruz e o sector máis costeiro desde Punta Arliña ata o extremo sur da unidade está incluído no ZEPVN e LIC Costa da Morte. Costa mixta, con tramos de cantís baixos e praias de diferentes tamaños, entre as que destaca Espiñeirido e da Cruz. Na liña de costa aparecen hábitats moi diferentes. Tanto é posible encontrar ambientes do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, como o 1230 de cantís mariños atlánticos, ou o asociado 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Na parte continental, tamén existe contraste e variedade. Por un lado temos os hábitats do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica nos frecuentes afloramentos, en especial na península de Muxía, pero tamén aparecen hábitats relacionados coa auga, tanto arbóreos (91E0, bosques ripícolas) como de prados húmidos (6420 e 6430) no Rego de Figueiras, val no que aparecen tamén pequenas masas frondosas de recolonización.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Na fachada este da península de Muxía predomina a superficie construída, ocupada polo núcleo de Muxía, cun uso predominantemente urbano que se estende cara ao interior, ata acadar o Alto de Enfesto. Destacar os usos portuarios do Porto de Muxía, cun singular pasado histórico, pois na Europa medieval, o rei castelán Carlos I cambiou con Moraime a propiedade de Muxía por outro porto no, s.XVI xa que o monarca desexaba controlar Muxía para mellorar as comunicacións marítimas do seu reino con Inglaterra. Destruída no s.XIX polas tropas de Napoleón, Muxía rexurdiu posteriormente como gran porto pesqueiro da Costa da Morte e de Galicia, exportador principalmente de sardiña e de congro. Na costa norte da unidade, á dereita da desembocadura do arroio, hai unha zona de dunas marítimo-atlánticas, con vexetación rasa e cuberta densa que evidencia o uso recreativo e turístico dos areais. O resto da superficie cóbrese con masas de árbores de repoboación, principalmente eucalipto e alternando con zonas de cultivo, no medio de tres dos seus núcleos rurais.

#### MORFOLOXÍA

Muxía está catalogada como Núcleo de Identidade Litoral por ser un asentamento tradicional cuxa localización estratéxica no bordo costeiro lle confire unha singularidade que o fai merecedor dun tratamento específico. A vila, de grande actividade mariñeira, é dun encantador tipo tradicional e mariñeiro. A península álzase no penedoso monte do Corpiño, a cuxo pé, sobre penedos (Pedra de Avalar e a Pedra dos Cadrín) combatidos polas ondas, florece en secular devoción o célebre Santuario de Nosa Señora da Barca. Muxía constitúe o principal núcleo de poboación da unidade e foise transformando, introducindo modificacións morfoloxías (volumes e alturas) nas edificacións, experimentando un crecemento cara ao interior do continente, apoiado nas vías existentes. Xunto a este crecemento aparecen novos usos (equipamentos e infraestruturas), como é o caso da ampliación do porto pesqueiro. Na área interior da unidade prevalecen os núcleos tradicionais como Figueira de Abaixo, Figueiras de Arriba e Chorente. Estes núcleos están constituídos por edificacións unifamiliares asociadas a algunha explotación agropecuaria.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existen dúas vías principais que actúan como vías de entrada á península, unha é a C-5201 que atravesa a unidade transversalmente pegada a costa este, con dirección cara ao núcleo de Muxía, influíndo no seu crecemento periférico. A segunda vía é o AC-440, que cruza a unidade dirección sueste cara a Muxía atravesando o núcleo e finalizando no Santuario da Virxe da Barca. Apoiadas nesta vía aséntanse algunhas construcións dispersas de nova creación o seu trazado é sinuoso adaptándose ao relevo pero xerando unha discontinuidade na paisaxe. Un paseo marítimo permite o percorrido de Muxía, co Santuario polo seu lado oeste, mentres que outro de madeira sitúase na marxe esquerda do AC-440 discorrendo paralelo á costa dando acceso á praia de Espiñeirido, procurando unha singular vista panorámica da enseada de Muxía. O resto das vías e camiños, son camiños tradicionais que cobren con eficiencia toda a unidade.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O principal patrimonio histórico é o Santuario da Virxe da Barca datada no ano 1544, onde se celebra unha importante romaría chamada a "Romaría da Barca", que se converteu na romaría máis importante da Costa da Morte, celebrándose o domingo despois do día 8 de cada mes de setembro. Encontramos tamén na unidade a Pedra de Abalar, unha mole pétreo de aparencia plana, que en determinadas circunstancias oscila e produce un peculiar son, é froito da tradición máis popular tendo en conta que se lle atribúen moitas propiedades entre elas a da adiviñación. Dentro desta riqueza patrimonial este incluído o "Faro da Punta da Barca". Dada a vinculación da unidade co mar conserva un patrimonio etnográfico que está formado por, a Fábrica de salgadura e os secadoiros de congro, tamén se conservan numerosas fachadas de carácter tradicional.

#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A península de Muxía marca o carácter desta unidade, pois é un fito moi singular deste territorio. A súa fachada litoral, cunha secular tradición mariñeira é a principal causa da presenza do porto pesqueiro que pola súa parte se establece como o motor socioeconómico do territorio. A paisaxe interior da unidade caracterízase pola suavidade das súas ladeiras, onde se asentan os núcleos tradicionais con máis clara orientación agraria.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

Apréciase un aumento da superficie forestal ocupada antano por terreos de cultivo. Hai un proliferación de construcións dispersas sobre todo ao longo das vías de comunicación. No tocante á franxa litoral apréciase unha perda de area e de ecosistema de dunas, tanto na praia de Espiñeirido como na duna formada na desembocadura do arroio Figueiras, debido á mellora e modernización das infraestruturas. Desde o punto de vista do asentamento o proceso máis evidente é a ocupación de solos de cultivo preto do núcleo principal por construcións de máis de dúas plantas, cunha dirección de crecemento cara ao interior do continente. Unense a este proceso a creación de novos equipamentos (Campo de Fútbol) e ampliación de infraestruturas xa existentes (Porto pesqueiro). No asentamento interior non hai demasiada diferenza con respecto a mediados de século, simplemente a aparición dalgunha construción dispersa.

#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

Muxía é unha singular vila mariñeira de gran tradición e construída sobre o brazo de area que une o monte granítico de Corpiño co Monte Enfesto situado na parte sur. As primeiras casas estaban situadas na zona da ribeira ao refuxio do Monte Corpiño, onde estaba a antiga praia hoxe desaparecida pola construción do peirao e o porto. A zona da Camposa, na actualidade totalmente urbanizada, era a zona máis chá onde se situaban as poucas terras de cultivo de que dispuñan os seus habitantes. Monte Corpiño está catalogado como Espazo de Interese Paisaxístico. A súa singularidade física e caracteres xeomorfolóxicos incidiron no imaxinario social, que o identifica como parte do escenario da paisaxe litoral de Costa da Morte. A imaxe do conxunto pódese observar desde calquera cima do interior da unidade: o Monte de San Roque ou Petón Grande. Desde o Monte Corpiño contéplase unha ampla vista da unidade así como o seu fondo escénico. Os ámbitos de maior valor ecolóxico son a praia de Espiñeirido e a desembocadura do arroio de Figueiras (ambas as dúas LIC e ZEPVN), presentando unha gran fraxilidade. Sen dúbida, o fito singular corresponde á península de Muxía, a súa xeomorfoloxía constituída polos cantís costeiros así como a característica parcelación dos seus terreos delimitados por muros pétreos tradicionais. Desde o Alto do Enfesto, apréciase esta singular península. Hai que destacar, como de especial valor, na zona interior, a conservación do modelo tradicional de organización do territorio.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales                                           |
|  Marismas / Marismas                                                         |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas                                                             |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas                                                               |  Viñedos / Viñedos                                                  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados                                                        |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera                                                 |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos                                             |  Artificial / Artificial                                            |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |                                                                                                                                                        |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |                                                                                                                                                        |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











#### Batimetría / Batimetría

- |                                                                                             |                                                                                             |                                                                                              |                                                                                               |                                                                                               |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



